



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

CIRCULAR 38/2012

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os adestradores, clubs e atletas

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO DE MONTAÑA E DAS CATEGORÍAS JUNIOR E PROMESA

Esgos (Ourense), 10 de Xuño do 2012

A Federación Galega de Atletismo a través da súa Delegación en Ourense e coa colaboración do Concello de Esgos organizará o Campionato Galego de montaña que terá lugar o vindeiro **domingo día 10 de Xuño** na localidade ourensana de Esgos.

Inscricións

Todos os atletas federados que desexen participar neste campionato deberán formalizar a súa inscrición por medio do seu club na plataforma online na web www.atletismogalego.org.

O prazo de inscrición rematará o **martes 5 de Xuño ás 23:00 horas**.

Poderán intervir todos aqueles atletas nados no ano 1994 e anteriores, que se atopen en calqueira das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2011/12) por algún Club pertencente á Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

*Segundo acordo de Asamblea os atletas extranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar os podiums nos Campeonatos Galegos.

Premiacións

Os tres primeiros atletas clasificados absolutos e nas categorías junior e promesa recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla. Os atletas federados que desexen optar aos premios da organización (500 euros a quen bata o record da proba, camiseta e comida) deben facer o pago de 5 euros na conta da organización, ao igual que os atletas populares.

Confirmacións das inscricións

Os atletas, deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo de cada proba. Una vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Horario e distancia

A saída está prevista para as 10:30 horas diante da Casa do Concello de Esgos. A carreira discurrirá por un percorrido de 13 kilómetros, haberá postos de avituallamento para os participantes.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Percorrido

- Saída da Casa do Concello de Esgos [582m.]
- Subida ás piscinas, descenso ó pobo de Meiroá e Calsomiro (pola ruta de sendeirismo "CAMIÑO REAL". Homologada PR-G4)
- Subida ata o Peto das Ánimas; tramo de descenso e de novo ascenso ata o Mosteiro de San Pedro de Rocas. **Avituallamente líquido**
- Subida ata a estrada asfaltada
- Tramo de 200m. pola estrada de asfalto e novo camiño que nos leva ó pobo de Arcos. **Avituallamente líquido**
- Saída de Arcos en dirección a Gomariz pola estrada asfaltada
- No primeiro desvío á dereita (a 300 metros do pobo) polos camiños da ruta "CAMIÑO NATURAL DA RIBEIRA SACRA" dirección Virxe do Monte [962m.] **Avituallamente líquido**
- A proba finalizará no Eirado. **Avituallamente líquido e sólido.**

Mais información

Para calquer outra información de como chegar ou organización, poden visitar a web www.concelloesgos.com ou chamar aos teléfonos 988290040 e 988290000.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, 25 de maio de 2012